

## O CONCELLO DE CUNTIS XESTIONOU CASE 100.000 € EN FACTURAS IRREGULARES SÓ DURANTE O ÚLTIMO DÍA DO ANO 2021

- *Só durante o último día do ano, o Alcalde de Cuntis deu orde de pago por un total de 142.278'60 €, dos cales 98.200'83 € pertencen a facturas irregulares que se aboarán mediante levantamento de reparo de intervención.*
- *Veciñanza informaba do comezo de ano sen presupostos, ao que o Alcalde de Cuntis respondeu como é habitual cun anuncio ao respecto.*
- *O Alcalde de Cuntis non cumpriu nin un só dos compromisos adquiridos con Veciñanza durante a tramitación dos orzamentos do ano pasado.*

Cuntis, 5 de xaneiro de 2022

[O portavoz municipal de Veciñanza poñía de manifesto, no último pleno celebrado en Cuntis](#), a demencial situación da xestión económica en Cuntis. Foi durante o debate da Conta Xeral de 2020, que presenta facturas impagadas dende o ano 2017, así como **múltiples irregularidades contables e uns indicadores que sitúan ao noso concello entre os peores da provincia de Pontevedra no que se refire ao Período Medio de Pago a Provedores (PMP)**. É tamén insostible o abuso do levantamento de reparos de intervención para a xestión de débedas que incumpren a Lei de Contratos Públicos.

Como mostra desta situación, [Veciñanza fixo públicos os movementos económicos rexistrados en Decretos de Alcaldía do 31 de decembro](#). Só durante o último día do ano, o Alcalde de Cuntis deu orde de pago por un total de 142.278'60 €, dos cales 98.200'83 € pertencen a facturas irregulares que se aboarán median o antes citado levantamento de reparo de intervención. As presas do último día do ano por xestionar o pago de facturas e evitar así incrementar a débeda que o Concello de Cuntis arrastra dende fai cinco anos levou ao Alcalde Campos a chegar case aos 100.000 euros en facturas irregulares só durante un día. Esta cifra, para un orzamento de catro millóns de euros e un concello con pouco máis de 4600 habitantes, **é absolutamente desorbitada e falan moi ás claras da xestión económica do goberno do PSOE**.

Ademais, Veciñanza informaba tamén de que **un ano máis o Concello de Cuntis inicia o exercicio sen nin tan sequera proposta de Orzamento Municipal**. A isto respondía o Goberno Local, como é habitual, cunha nota de prensa, anunciando que traballa na presentación das contas para este ano 2022. **O alcalde de Cuntis incumpriu todos os compromisos adquiridos con Veciñanza durante a tramitación dos orzamentos do ano pasado**, e a súa credibilidade está en entredito, así como capacidade real do grupo de goberno para facer algo máis que anuncios.

